

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA
AXENCIA TURISMO DE GALICIA E INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL SA
INCOLSA-TURISMO DE SANTIAGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE
PROMOCIÓN DO TURISMO.**

Santiago de Compostela , 2 de maio de 2016

Reunidos

Por unha parte, a **Axencia Turismo de Galicia**, e no seu nome e representación D^a María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 34/2013 do 21 de febreiro e conforme as facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

Doutra, **Información e Comunicación Local, S.A. -Turismo de Santiago de Compostela** (en adiante INCOLSA) e no seu nome e representación, o Presidente do Consello de Administración, Martiño Noriega, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confire o artigo 23 dos Estatutos da Sociedade que lle outorgan a competencia para establecer convenios de colaboración con calquera clase de institución pública ou privada.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as



súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Que os Concellos, segundo se sinala no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo, redactado polo número 8 do artigo primeiro da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que inclúe no apartado h) do parágrafo 2 como competencia propia dos municipios a *“información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”*. O Concello de Santiago exerce esta competencia a través da sociedade municipal INCOLSA – Turismo de Santiago, medio propio do devandito Concello.

Segundo.- Que o artigo 148.1.18ª da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo, programa 761A.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Co obxecto de promover o turismo en Santiago, as partes consideran esencial colaborar na realización deste convenio, xa que se trata dunha acción de interese común e con beneficios

conxuntos. Todo isto, englobase ademais no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia, no seu programa 761A.

Terceiro.- As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza e do turismo en Santiago contribúen á potenciación da cidade e de Galicia. Coa sinatura do convenio as partes pretenden reafirmar un destino moi definido no ámbito turístico, como é a cidade de Santiago de Compostela, colaborando no deseño e elaboración de produto turístico, na actualización da sinalización e no desenvolvemento de accións tendentes á mellora da planificación estratéxica.

En consideración a todo isto, é vontade das partes asinantes a colaboración na xestión das actividades relacionadas, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.

É obxecto do presente convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Incolsa-Turismo de Santiago para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que inclúan a realización das seguintes actuacións:

- DESEÑO E ELABORACIÓN DE PRODUTO TURÍSTICO:

O acordo do Pleno do Concello de Santiago celebrado o pasado decembro de 2015, insta ao Goberno Municipal a iniciar o procedemento para a Declaración da Semana Santa de Santiago como Festa de Interese Turístico de Galicia. Para elo, este ano 2016 increméntanse as accións relacionadas coa mesma, mediante un folleto inclusivo do Programa Especial de Semana Santa, e un novo produto turístico consistente nunha acción gastronómica para poñer en valor a tradición larpeira da cidade e, nomeadamente, a vinculada a estas datas.

o Santiago Paixón Doce:

“Santiago Paixón Doce” nace en 2016 e está organizado conxuntamente por Turismo de Santiago e a Asociación Hostelería Compostela. O obxectivo desta acción é dobre: dinamizar o consumo nos locais de Santiago durante a Semana Santa e, ao mesmo



tempo, continuar consolidando a cidade como destino turístico gastronómico apoiándose nos produtos propios e elaboracións típicas de tempada e na tradición larpeira de Santiago.

o **Promoción inclusiva da Semana Santa 2016:**

Co fin de darlle máis profundidade á oferta turística para Semana Santa, en 2016 decídese, en coordinación coa Xunta de Confrarías, facer unha difusión conxunta da Semana Santa en clave de destino turístico, que inclúa, ademais das tradicionais procesións e actos litúrxicos, ás accións gastronómicas de temporada (Festa das Uñas de San Lázaro e Santiago Paixón Doce), a oferta cultural, e nomeadamente a oferta musical deseñada “ad hoc” para estes días desde o Incolsa-Turismo de Santiago e o Consorcio de Santiago (concertos especiais da Banda Municipal de Música e concertos especiais da Real Filharmonía de Galicia, así como o novo programa “De órganos e lugares” para a posta en valor dos órganos históricos rehabilitados das igrexas monumentais compostelás). Ademais do anterior, nesta promoción inclusiva, tamén se propón o uso e desfrute dos parques, aproveitando a coincidencia desta Semana Santa co inicio da primavera e a presenza de camelias, por ser un dos principais atractivos do inverno e inicio da primavera, e estratéxico para a desestacionalización, e poñendo isto en relación coa Ruta da Camelia que promove Turismo de Galicia.

o **Novos produtos turísticos arredor da música e a tradición literaria de Santiago:**

Co fin de mellorar o atractivo turístico de Santiago ao longo de todo o ano, e nomeadamente nas épocas de menor afluencia, propóñense para esta anualidade dous novos produtos, baseados na posta en valor da música e do potencial literario de Santiago de Compostela, a través da realización de accións musicais de continuidade e de roteiros temáticos respectivamente.

O potencial e tradición musical de Santiago pode ser obxecto dunha maior visibilidade turística, que é o que aquí se pretende, de cara á súa valorización, ao tempo que se xera unha programación de continuidade e calidade polo tanto un novo polo de atracción para os visitantes ao longo do ano.



- **ESTUDOS E ACCIÓNS PARA A MELLORA DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA:**

Co fin de proceder á necesaria actualización do Plan Estratéxico 2016-2021, é preciso realizar unha serie de estudos/informes e accións participativas que permitan a diagnose e análise en profundidade do sector turístico na cidade.

- **ACTUALIZACIÓN DA SINALIZACIÓN DA OFICINA DAS PEREGRINACIÓNS:**

Así mesmo, será obxecto deste convenio a realización dos cambios mínimos urxentes na sinalización actual do casco histórico, que veñen obrigados polo cambio de enderezo da Oficina de Peregrinacións, actual Centro Internacional de Acollida de Peregrinos, trasladada desde a Rúa de Vilar para a Rúa das Carretas, e en vista de que a temporada alta de chegada de peregrinos/as comeza en breve.

Segunda.- Financiamento.

O orzamento estimado para a execución das actuacións recollidas na cláusula primeira ascende a cincuenta e dous mil novecentos oitenta e oito euros (52.988,00€) IVE non incluído, co seguinte desagregamento:

ACTUACIÓN	IMPORTE
SANTIAGO PAIXÓN DOCE	3.500,00€
PROMOCIÓN INCLUSIVA SEMANA SANTA	4.177,00€
NOVOS PRODUCTOS TURÍSTICOS ARREDOR DA MÚSICA E A TRADICIÓN LITERARIA DE SANTIAGO	21.979,62€
ESTUDOS E ACCIÓNS PARA A MELLORA DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA	17.355,37€
CAMBIOS NA SINALIZACIÓN NO CASCO HISTÓRICO DO CENTRO INTERNACIONAL DE ACOLLIDA DO PEREGRINO	5.976,01€
TOTAL	52.988,00€

A Axencia Turismo de Galicia achegará, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016, a contía de 52.988,00€, con cargo á aplicación 04.A2.761A.760.3, proxecto 2015 00006, na que existe crédito adecuado e suficiente.

Terceira.- Compromisos da Axencia Turismo de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia achegará para o desenvolvemento destas actividades a cantidade total de 52.988,00€ que se imputarán á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do presente exercicio económico.

De acordo co artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 63.1 Dous do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, poderán realizarse pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio por un importe máximo do 50%.

Así mesmo poderanse realizar pagos a conta. Os ditos pagamentos a conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas. A suma dos pagamentos a conta máis os anticipos previstos no parágrafo anterior non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados.

Para proceder ao seu pagamento, Incolsa-Turismo de Santiago deberá enviar a documentación relacionada na cláusula sexta referida á xustificación. Os primeiros gastos xustificados servirán de xustificante do pagamento anticipado realizado. Unha vez xustificada a totalidade do anticipo, os seguintes gastos abonaranse mediante o sistema de pagamento a conta ata o límite do 80% referido.

De conformidade co disposto no citado artigo 65.4 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, Incolsa está exonerado de constituír garantía relativa aos pagos a conta e anticipos previstos nesta cláusula.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades posto que se trata dunha zona que dende o punto de

vista turístico é o referente en Galicia e fóra dela, cunha alta proxección turística baseada no Camiño de Santiago.

Cuarta.- Compromisos da Incolsa-Turismo de Santiago

- Diseñar, coordinar e executar as accións obxecto do presente convenio e poñer todos os medios técnicos e humanos necesarios para o desenvolvemento do mesmo e asumir os gastos de persoal e correntes que orixinen a posta en marcha das actividades.

- Facer constar a colaboración da Xunta de Galicia – Axencia Turismo de Galicia- en toda a publicidade (impresa, audiovisual, ..) que xeren as actividades deste convenio e inserir a marca turística de Galicia segundo o establecido no manual corporativo da Xunta de Galicia.

- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos. De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007.

- Como beneficiario dunha subvención, Incolsa- Turismo de Santiago deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino do investimento.

- Manter, de ser o caso, a propiedade sobre os investimentos subvencionados, e a vinculación destes á actividade económica que motivou a axuda, durante un período mínimo de 5 anos. Necesariamente os investimentos estarán dedicados a actividades e centros de traballo en Galicia.
- Reintegrar total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a exixencia do xuro correspondente desde o pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro cando concorran algunha das causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e a obriga de facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia Turismo de Galicia en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.
- Presentar, con anterioridade á sinatura do convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Quinta.- Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir Incolsa-Turismo de Santiago de Santiago para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante Incolsa-Turismo de Santiago de Santiago, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.



Os/as subcontratistas están obrigados/as a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursoas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Sexta.- Xustificación dos investimentos

1. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarse segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve e conterà con carácter xeral coa seguinte documentación:

-Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

-Memoria económica xustificativa das actividades realizadas, que contará:

- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade.
- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pagamento.
- c) Declaración de outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- d) De se lo caso, os tres orzamentos que en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario.
- e) No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

Incolsa-Turismo de Santiago presentará así mesmo as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a axencia, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas Incolsa deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido Incolsa, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado



con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao exercicio 2016.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

2. Consideraranse subvencionables os gastos que, respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e de acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia considerárase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de vixencia do convenio.

3. O prazo para xustificar por parte de Incolsa-Turismo de Santiago de Santiago remata o 15 de novembro de 2016. De non xustificarse en prazo a cantidade total subvencionada, o Incolsa-Turismo de Santiago deberá reintegrar proporcionalmente o non xustificado, e a Axencia Turismo de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Non obstante, non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas, e sempre que se xustifique o importe total.

4. Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Sétima.- Comisión de seguimento

Noméase unha comisión de seguimento e control integrada por un/dous membros de cada unha das dúas partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Composición: Dous representantes da Axencia Turismo de Galicia e dous representantes de Incolsa-Turismo de Santiago de Santiago .

Presidencia: A Directora de Turismo de Galicia ou persoa en quen delegue

Secretario: O Alcalde de Santiago ou persoa en quen delegue.

O funcionamento da Comisión axustarase ao disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, e na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os acordos da Comisión adoptaranse por unanimidade e serán executivos e vinculantes para as administracións integradas no convenio.

Corresponderán á comisión de seguimento as seguintes funcións:

- Elaborar e aprobar as accións que se detallan no anexo ao presente convenio.
- A interpretación do presente convenio, resolvendo todas as dúbidas que poida xerar a súa execución.
- O seguimento da execución do convenio, sendo informada polas administracións asinantes das accións realizadas.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Sétima.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Oitava.- Vixencia do convenio.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de novembro 2016. Non obstante a cláusula anterior, **o presente convenio ampara as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2016.** Incolsa-Turismo de Santiago de Santiago como entidade executora e xestora das actuacións, será a responsable do mantemento en todo momento e trala finalización da vixencia temporal do mesmo, das finalidades propias do Convenio.

Novena.- Natureza xurídica e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, sendo competente para entender dos litixios que puidesen xurdir respecto da súa interpretación e execución a xurisdición contencioso-administrativa, e queda fóra do ámbito do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 4.1 c).

Para todo o non previsto expresamente no texto deste convenio será de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, e en canto non se opoña ao establecido na antedita Lei 9/2007, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e demais normativa que sexa de aplicación.

Décima.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións comunicarase a suscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, e o consentimento ou autorización para que os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno aberto.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e no citado artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente Convenio, asínano e rubrícano por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ó comezo.

POLA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

A Directora

M^a Nava Castro Domínguez

POR INCOLSA-TURISMO DE SANTIAGO

O Presidente do Consello de Administración

Martíño Noriega Sánchez

